

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 5 de marzo de 2020 pola que se regula o exercicio de dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o día 5 de abril de 2020 polo Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

Convocadas eleccións ao Parlamento de Galicia para o 5 de abril de 2020, mediante o Decreto 12/2020, do 10 de febreiro (DOG núm. 28, do 11 de febreiro), e ao abeiro do establecido no artigo 37.3.d) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, cómpre regular na Comunidade Autónoma de Galicia as diversas situacións que se poidan presentar para o exercicio do dereito ao voto daquelas persoas traballadoras que non gocen do seu descanso semanal o día da votación, así como das persoas que interveñen dentro do proceso electoral, posto que as eleccións terán lugar en domingo, todo isto de conformidade co disposto no artigo 13 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais.

Para este fin, e logo do acordo co delegado do Goberno de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as normas que serán de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, o día das eleccións o domingo 5 de abril de 2020, ás persoas traballadoras por conta allea que teñan a condición de electoras e non gocen, durante ese día, do descanso semanal previsto no artigo 37.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e a aquellas persoas en quen concorra a condición de membros de mesas electorais, intervenidores e interventoras ou apoderados e apoderadas.

Artigo 2. *Permisos para as persoas traballadoras por conta allea electoras*

1. Para que as persoas traballadoras por conta allea poidan participar nas eleccións ao Parlamento de Galicia que se levarán a cabo o domingo 5 de abril de 2020, no suposto de



que non gocen en tal data de descanso semanal, terán un permiso retribuído correspontente, consonte as seguintes prescricións:

a) As persoas traballadoras por conta allea cun horario de traballo que non coincida co de apertura de mesas electorais, ou que coincida nun período inferior a dúas horas, non terán dereito a permiso retribuído.

b) As persoas traballadoras por conta allea cun horario de traballo que coincide en dúas ou máis horas e menos de catro co período de apertura das mesas electorais gozarán dun permiso retribuído de dúas horas.

c) As persoas traballadoras por conta allea cun horario de traballo que coincide en catro ou máis horas e menos de seis co período de apertura das mesas electorais gozarán dun permiso retribuído de tres horas.

d) As persoas traballadoras por conta allea cun horario de traballo que coincide en seis ou máis horas co período de apertura das mesas electorais gozarán dun permiso retribuído de catro horas.

2. En todos os supostos anteriores, cando, por tratarse de persoas traballadoras contratadas a tempo parcial, realicen unha xornada inferior á habitual na actividade, a duración do permiso antes sinalado reducirase en proporción á relación entre a xornada de traballo que desenvolven e a xornada habitual das persoas traballadoras contratadas a tempo completo na mesma empresa.

3. Corresponde ao empresario ou empresaria a distribución, consonte a organización do traballo, do período en que as persoas traballadoras disporán de permiso para acudiren a votar.

Artigo 3. *Permiso para votar por correo*

No suposto de persoas traballadoras por conta allea que teñan previsto que na data da votación non se atopen na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poidan exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporán, no seu horario laboral, de ata catro horas libres de igual maneira que o establecido no artigo anterior, para que poidan formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrpción no censo, así como para efectuar a remisión do voto por correo.



Artigo 4. *Permisos para as persoas integrantes das mesas electorais*

1. As persoas traballadoras por conta allea nomeadas presidente/a ou vogal das mesas electorais e as que acrediten a súa condición de interventoras disporán, durante o día da votación, dun permiso retribuído de xornada completa, se non gozan en tal data de descanso semanal, e terán dereito, en todo caso, a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior, segundo os artigos 28.1 e 78.4 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral.

2. Se algunha das persoas traballadoras a que se refire o parágrafo anterior ten que traballar na quenda de noite na data inmediatamente anterior ao día da votación, a empresa cambiaralle a quenda para que poida descansar esa noite.

Artigo 5. *Permisos para persoas traballadoras coa condición de apoderadas*

As persoas traballadoras por conta allea que acrediten a súa condición de apoderadas, de acordo co previsto no artigo 76.4 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non gozan en tal data do descanso semanal.

Artigo 6. *Xustificación*

As persoas empresarias poderán solicitar das persoas traballadoras que exerzan os dereitos regulados na presente orde a certificación de voto ou, de ser o caso, a acreditación da mesa electoral.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 marzo de 2020

Francisco José Conde López
Conseilleiro de Economía, Emprego e Industria

